

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E O MONTE REAL CLUB DE YATES BAIONA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE NAVEGACIÓN TERAPÉUTICA CON MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E AS SÚAS FILLAS E FILLOS, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

### MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

En novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. Así no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, creouse unha Subcomisión que tivo como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluíran un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de



2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avaliasse, en materia de Violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores.

O 27 de decembro de 2017 todas as comunidades autónomas ratificaron de común acordo o documento final do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que no seu eixo 4 recolle de maneira específica medidas para «a intensificación da asistencia e protección de menores». A protección específica dos e das menores parte do seu recoñecemento como vítimas directas e leva aparelada a necesidade de ampliar e mellorar as medidas dirixidas á súa asistencia e protección, coa implantación de diversas actuacións que impulsen a aplicación práctica dese recoñecemento das e dos menores como vítimas, recolléndose de xeito específico na medida 216 a mellora da conexión entre a violencia contra as mulleres e a experiencia vitimizadora dos fillos e fillas.

A Conferencia Sectorial de Igualdade celebrada o 22 de xullo de 2022 aprobou o acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a estabilidade e permanencia das políticas públicas e os servizos que derivan do Pacto de Estado contra Violencia de Xénero. O 20 de marzo de 2023 o Boletín Oficial do Estado publicou a Resolución de 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027). Neste plan no seu punto 1. Prevención e sensibilización fronte a todas as formas de violencia contra as mulleres, no apartado Información, sensibilización e toma de conciencia figura como unha das



medidas do Catálogo a de: Transversalizar as accións, protocolos e ferramentas de prevención dirixidas a toda a poboación, en ámbitos como o deporte en todas as súas dimensións.

A entidade Monte Real Club de Yates Baiona está a organizar un programa de navegación terapéutica *Vela contra a violencia de xénero*, a través da cal as mulleres vítimas de violencia e os menores ao seu cargo poden practicar actividades adaptadas de vela, co obxectivo de mellorar a confianza en si mesmas e rachar coa realidade que viven. As actividades contan con participantes usuarias do Centro de Recuperación Integral (CRI) de Santiago como do Centro de Emerxencias para Vítimas de Violencia de Xénero de Vigo (CEMVI).

Co presente convenio preténdese facilitar unha experiencia de navegación deportiva cunha finalidade terapéutica a mulleres soas, que teñan a condición de vítimas de violencia de xénero, e/ou que teñen ao seu cargo en exclusiva aos seus fillos e fillas e/ou a menores en acollida, para posibilitarlles o desfrute dun tempo desligado da súa situación habitual e no cal poidan intercambiar experiencias a través da práctica deportiva e terapéutica nun espazo de lecer.

Por todo o exposto, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría xeral da Igualdade, estima oportuno asinar un convenio de colaboración co Monte Real Club de Yates de Baiona pola realización de actividades de navegación terapéutica con mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos así a promoción e difusión da muller no mundo da vela e favorecer a igualdade entre homes e mulleres nesta disciplina deportiva.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

